

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, informa a esta Dirección Xeral o seguinte:

1º.- Que se ha recibido neste Servicio, a petición de D. Juan González Blanco, como Presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da Parroquia de Baldriz, para transformar o vixente consorcio do monte "Meda e Montouto", pertencente a dita Comunidade nun novo Convenio.

2º.- Que o 9-11-77, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, tomou o acordo de clasificar como tal o monte "Meda e Montouto", do termo municipal de Cualedro, o non haberse presentado reclamación algunha contra dito acordo, publicado no B.O. da provincia, tomando caracter de firme.

3º.- Que o monte "Meda e Montouto" forma parte do Consorcio subscrito o 12-12-1950 con o nome "Meda e Montouto".

4º.- Que a superficie total consorciada do monte "Meda e Montouto" é de 923,2 Hás. das que 262,9 Hás. se clasificaron para Baldriz.

5º.- Que os traballos de repoboación comezaron no ano 1951.

6°.- Que o 22-VI-95 a citada Comunidade reunida en Asemblea, tomou o acordo de aprobar as Bases do Convenio coa Consellería de Agricultura e autorizar ó seu Presidente para sinatura do convenio.

7°.- ESTADO DE CONTAS DO CONSORCIO DO MONTE MEDA E MONTOUTO OR-2027 NA PARTE CORRESPONDENTE OS VECIÑOS DE BALDRIZ.

-Consortio subscrito con data: 12-12-1950

-Data de clasificación do monte veciñal en M.C. na parte correspondente os veciños Baldiz: 9-11-77.

-Data comenzo dos traballos en virtud do Consortio: Ano 1951.

GASTOS O 9-XI-1977

-Traballos:	6.283.647,99 Ptas.	
-Gardería: 705 ptas./Ha. x 923,2 Has. =	650.856,00	"
-Administración: 7,85 s/6.283.647,99ptas. =	493.266,37	"

TOTAL GASTOS 7.427.770,36 Ptas.

Que o monte Meda e Montouto dos veciños de Baldiz, participa do consorcio "Meda e Montouto" OR-2027 en 300,6 Has, das 923,2 Has. totais do consorcio.

GASTOS IMPUTABLES O MONTE "MEDA E MONTOUTO DOS VECIÑOS DE BALDRIZ (ATA O ANO DA SUA CLASIFICACION) POLO CONSORCIO

$7.427.770,36 \times \frac{300,6}{923,2} = 2.418.531.- \text{ Ptas.}$

INGRESOS IMPUTABLES O MONTE "MEDA E MONTOUTO" DOS VECIÑOS DE
BALDRIZ (ATA O ANO DA SUA CLASIFICACION) POLO CONSORCIO.

-A Administración Forestal por aproveitamentos
maderables:..... 491.910,52.-Pts.

-Condonación débeda Lei 13/19891.926.620,48.- "

TOTAL INGRESOS 2.418.531,00.-Pts.

No momento da clasificación o salde é de=

GASTOS - INGRESOS:2.418.531-2.418.531 Ptas.=0 Ptas.

GASTOS DENDE A CLASIFICACIÓN ATA O 31-12-1994

-TRABALLOS ANOS 1978 E 1979 = 407.042 300,6 = 132.536.- Ptas.
923,2

-TRABALLOS DE 1980 A 1994..... 7.840.970.- Ptas.

TOTAL TRABALLOS..... 7.973.506.- Ptas.

-GARDERÍA: 735 Ptas./Ha x 300,6 Hás..... 220.941.- "

-ADMINISTRACIÓN: 7,85%^s/7.973.506..... 625.920.- "

TOTAL GASTOS..... 8.820.367.- Ptas.

INGRESOS DO MONTE MEDA E MONTOUTO DE BALDRIZ DENDE A DATA DA
CLASIFICACIÓN ATA O 31-XII-1994.

-A administración forestal por
aproveitamentos maderables: 6.120.359.-Pts.

O saldo da conta do monte MEDA E MONTOUTO na parte
correspondente os veciños de BALDRIZ é de:

G - I = 8.820.367 - 6.120.359 = 2.700.008.-Pts.

A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

Á vista do todo iso, propoñemos a V.E.:

Que se aprobe o Convenio do monte das características seguintes:

Nome do monte: "MEDA E MONTOUTO".

Elenco: 3215585.

Superficie: 344,3 Hás.

Pertenzentes: Veciños de Baldriz.

Termo municipal: cualedro.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1% anual

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Saldo inicial da conta do Convenio: 2.700.008,-
a favor DA XUNTA DE GALICIA.

Que da conta de Gastos e Ingresos do monte "Meda e Montouto" se resten respectivamente as cantidades de 10.019.503.-ptas. e 6.612.270.-ptas. que corresponden a parte do monte do consorcio que se cancela.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 1995.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS.



Asdo.: Plácido Baamonde López.

V°B°

O DIRECTOR XERAL,
(P/D 27-10-95)



Fdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.


EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

ILMO. SR.

Visto o expediente relativo á transformación de parte do consorcio constituído sobre o monte “Meda e Montouto”, OR-2027 nun convenio entre a Consellería de Agricultura Gandería e Montes e a comunidade de montes veciñais en man común de Baldriz sobre o monte “Meda e Montouto” sito no termo municipal de Cualedro e que anteriormente formaba parte do consorciado, e a vista dos informes favorables emitidos pola Xefatura do Servicio de Montes e Industrias Forestais de Ourense, e pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos por axustarse ó previsto na Lei 5/1977 de Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78 que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84 polo que se deixa sin aplicación no ámbito das Comunidade Autónoma o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como pola Lei 13/89 de Montes Veciñais en Man Común e o Decreto 260/92 que aproba o seu Regulamento.



Santiago, a 16 de novembro de 1995
O XEFE DA SECCION XURIDICA

A handwritten signature in blue ink, appearing to be 'M. Rodríguez Perea'.

Asdo: Manuel M^a Rodríguez Perea

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense

R E S O L V O:

Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "MEDA E MONTOUTO".

Elenco: 32151585.

Superficie: 344,3 Hás.

Pertenza: Veciños de Baldriz.

Termo municipal: Cualedro.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1% anual

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Participación da Comunidade no vo creado: 70%.

Saldo inicial da conta de Convenio: 2.700.008.-
ptas. a favor DA XUNTA DE GALICIA.

Que da conta de Gastos e Ingresos do monte "Meda e Montouto" se resten respectivamente as cantidades de 10.019.503.-ptas. e 6.612.270.-ptas. que corresponden a parte do monte do consorcio que se cancela.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 1995.

O CONSELLEIRO

P.D.

O SECRETARIO XERAL,



Asdo: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

C O N V E N I O

N.º	321	5585
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a VEINTE de NOVIEMBRE de mil novecientos noventa e CINCO.

R E U N I D O S

Dunha banda, D. TOMAS PEREZ VIDAL, Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. JUAN GONZALEZ BLANCO, como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común MEDA E MONTOUTO, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a VECIÑOS DE BALDRIZ

e son os que a continuación se describen:

Denominación: MEDA E MONTOUTO

Termo municipal: CUALEDRO

Provincia: OURENSE

Situación administrativa e legal: CLASIFICADO MONTE VECINAL EN MAN COMUN CON DATA 9-11-1977

Límites:

N.: Monte Comunal de Nocelo con Baldriz de vecinos de Nocelo da Pena con servidumbre de —
pastos a favor de los vecinos de Baldriz.

S.: Término Municipal de Monterrey (Monte S^a San Salvador y Sierra de Meda de vecinos de
Infesta y Paradiña y Monte Sierra de Meda de vecinos de Vences.

L.: Término Municipal de Laza (Monte Bouza de vecinos de Laza, Souteliño y Cinadevila).

O.: Monte Carreiro Ladrón de vecinos parroquia de Atanes.

Superficie: 344,3 Has.

Estado forestal: REPOBLACION DE P. PINASTER E PINO SILVESTRE.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: --

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:
344,3 Has.

Sen vexetación arbórea:

Servidumes: Algunhas de paso

3^a.— O chan continuará pertencendo a Veciños de Baldriz

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4^a.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o Cincuenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante Cincuenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do Un por cento anual.

5^a.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferencia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: Meda e Montouto, OR - 2027 (300,6 Has.)
e Serra de Meda, OR - 3010 (43,7 Has.).

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o TRINTA (30) por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o SETENTA (70) por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o por cento, e a comunidade propietaria, o por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acreedor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de CORENTA anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acreedor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acreedor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será Xenaro Pino preferente ente.

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don JOSÉ MANUEL BALTAR BLANCO -----, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común denominado "MEDA Y MONTOUTO", a favor dos veciños de Baldriz, no concello de CUALEDRO. -----

2.— Que, así mesmo, figura Don JUÁN GONZÁLEZ BLANCO -----, e Don DAVID OJEA MATIAS -----, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica o 24 de abril de 1993, ó 24 de abril de 1997. -----

E para que conste, expido a presente certificación en Ourense -----, a 14 de setembro de 1995.



Don DAVID OJEA MATIAS -----, Secretario de COMUNIDAD DE MONTES DE BALDRIZ -----


CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 22 de XUÑO DE 1.995 estando designado Don JUAN GONZALEZ BLANCO representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en BALDRIZ CONCELLO DE CUALEDRO a VINTECATRO de XULLO de mil novecientos noventa e CINCO.

O SECRETARIO,

Visto e prace,


O PRESIDENTE



Asdo.: JUAN GONZALEZ BLANCO

Asdo.: DAVID OJEA MATIAS

D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ -----, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.





Pola propiedade,

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO;

P/D

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: Antonio Luis Ronsón Pérez.
(O. do 13/12/93)





O xefe do Servizo Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense informa do seguinte:

Que con data 22 de novembro de 1995 o Excmo. Sr. Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes dictou a seguinte Resolución:

Que se aprobe o convenio das seguintes características:

Nome: MEDA E MONTOUTO
Elenco: 321-51585
Superficie: 344,3 ha
Pertenza: Veciños de Baldríz
Término Municipal: Cualedro
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Interés do anticipo: 1% anual
Participación da comunidade no voo creado: 70%
Participación da Consellería no voo creado: 30%
Saldo inicial da conta do convenio: 2.700.008 pesetas.

Que da conta de gastos e ingresos do monte Meda e Montouto se resten respectivamente as cantidades de 10.019.503 ptas e 6.612.270 ptas que corresponden á parte do monte do consorcio que se cancela.

Efectuada a revisión do convenio e dos consorcios ós que afecta a mencionada resolución, detectáronse **erros na superficie, pertenza e na aplicación das cantidades económicas imputables ós mesmos**, polo que **se propón a modificación da Resolución do 22 de novembro de 1995** nos seguintes termos:

PRIMEIRO.- Que se modifique o convenio nas seguintes características:

Nome: **MEDA E MONTOUTO**
Elenco: 321-5585
Superficie: 344,3 ha
Pertenza: Veciños de Baldríz
Concello: Cualedro Provincia: Ourense
A contabilizar como subvención: 50%



A contabilizar como anticipo: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1% anual
Participación da comunidade no voo creado: 70%
Participación da Consellería no voo creado: 30%
Saldo inicial do convenio: **3.468.446 pesetas a favor da Xunta de Galicia.**

SEGUNDO.- Que se rescinda totalmente o consorcio MEDA E MONTOUTO OR-2027, e a súa correspondente conta, por pasar na súa totalidade ó convenio.

TERCEIRO.- Que no sucesivo o consorcio SIERRA DE MEDA OR-3010, teña as seguintes características:

Nome: SIERRA DE MEDA
Elenco: OR- 3010
Superficie: 718,3 ha
Pertenza: Veciños de Vences, Esfarrapada e Guimarei.
Concello: Monterrei
A restar da conta de gastos: 1.836.361.- ptas.
A restar da conta de ingresos: 548.417.- ptas.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2001.

**O Subdirector Xeral de Montes
e Industrias Forestais,**



Plácido Baamonde López.



Tomás Fernández-Couto Juanas.

Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Ambiente. Santiago de Compostela.-

**INFORME: MONTE MEDA E MONTOUTO**

INFORME: Sobre a conveniencia ou non de modifica-la resolución da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes de data 22 de novembro de 1989 na superficie, aplicación das cantidades económicas e na pertenza do convenio do monte Meda e Montouto 32151585.

Con data 18 de decembro de 2000 ten entrada na Dirección Xeral de Montes e M.A.N. expediente remitido pola Delegación Provincial de Ourense para a modificación da resolución da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes de data 22 de novembro de 1989 na aplicación da superficie do convenio do monte Meda e Montouto 32151585, que incide sobre as cantidades económicas do convenio.

Os erros que se tratan de correxir son os seguintes:

- Na conta do convenio nº 32151585 “Meda e Montouto”, o saldo inicial da conta do convenio é de 3.468.446.-Pts. non de 2.7010.008.- como figura na resolución.
- No consorcio nº OR-2027 “Meda e Montouto”: Rescindido totalmente.
- No consorcio nº OR-3010 “Serra de Meda”, a superficie debe ser 718,3 has. e a pertenza debe ser Veciños de Vences, Esparrafada e Guimarei.
- No consorcio nº OR-3010 “Serra de Meda”, deben figurar as seguintes cantidades na resolución:
 - A restar da conta de gastos: 1.836.361 Pts.
 - A restar da conta de ingresos: 548.417 Pts.

As modificacións que se pretenden realizar na resolución antedita non son máis que meras rectificacións de erros das recollidas no artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro.

Vista a cuestión material que se solicita e o fundamento legal do parágrafo anterior, salvo opinión mellor fundada en dereito, INFORMO favorablemente á modificación solicitada por tratarse de mera rectificación de erros materiais, que pode ser efectuada pola Administración en calquera momento.



Santiago de Compostela, a 22 de xaneiro de 2001

Asdo.: Ignacio García de los Huertos Vidal
(Sección xurídica)



Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e visto o informe da súa sección xurídica e do xefe do servizo provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, e de conformidade co establecido no artigo 105.2 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común,

RESOLVO:

Rectifica-la resolución da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes de data 22 de novembro de 1995, nos termos que seguidamente se especifican:

PRIMEIRO.- Aproba-la modificación do convenio nas seguintes características:

Nome: **MEDA E MONTOUTO**

Elenco: **321-5585**

Superficie: 344,3 ha

Pertenza: Veciños de Baldriz

Concello: Cualedro Provincia: Ourense

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1% anual

Participación da comunidade no voo creado: 70%

Participación da Consellería no voo creado: 30%

Saldo inicial do convenio: **3.468.446 pesetas a favor da Xunta de Galicia.**

SEGUNDO.- Que se rescinda totalmente o consorcio MEDA E MONTOUTO OR-2027, e a súa correspondente conta, por pasar na súa totalidade ó convenio.

TERCEIRO.- Que no sucesivo o consorcio SIERRA DE MEDA OR-3010, teña as seguintes características:

Nome: **SIERRA DE MEDA**

Elenco: **OR- 3010**

Superficie: **718,3 ha**



Pertenza: Veciños de Vences, Esfarrapada e Guimarei.

Concello: Monterrei

A restar da conta de gastos: 1.836.361.- ptas.

A restar da conta de ingresos: 548.417.- ptas.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, a elección do recorrente, recurso de Reposición ante a Consellería de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou directamente recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación. Transcorrido o prazo de interposición do recurso sen que fose presentado, esta resolución será firme a tódolos efectos.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2001.

O CONSELLEIRO
(por Orde do 12-01-98)
O Secretario Xeral,

José Luís Aboal García-Tunón



Ilmo. Sr. Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural.
Santiago de Compostela.-